



Concello de Meaño

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA A APERTURA, NEGOCIACIÓN E VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓN PRESENTADAS PARA A ADQUISICIÓN DIRECTA DE TERREOS A TÍTULO ONEROSO NA PARAXE DE FAXÍN-PONTE DENA (DENA) CON DESTINO A SENDA FLUVIAL E ÁREA RECREATIVA.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Meaño, ás 10:30 horas do día 28 de xullo de 2021, reúnese a Mesa de Contratación, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 22/07/2021, integrada polo Sr. Alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, D^a M^a Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora, D^a M^a Mar Pereira García, técnico medio de Administración Xeral, D^a Evangelina Veá Espiña, arquitecta técnica municipal e D^a Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para proceder a apertura, cualificación de documentación, negociación e valoración das proposicións presentadas polos/as propietario/as dos bens cuxa adquisición se pretende:


Referencia catastral	36027A013000550000MR
Localización	Paraxe Faxín-Ponte Dena
Superficie medición	2068 m ²
Titular catastral	Divina Pastora Méndez Padín
Finalidade	Senda fluvial e área recreativa

Referencia catastral	36027A013000540000MK
Localización	Paraxe Faxín-Ponte Dena
Superficie medición	716 m ²
Titular catastral	Hrdos de José M. ^a Moldes García
Finalidade	Senda fluvial e área recreativa

Na licitación, que foi publicada o día 6 de xullo de 2021 no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, ID 802456, para a adquisición a título oneroso polo Concello de terreo/os para senda fluvial e área recreativa, mediante adxudicación directa con invitación as persoas propietarias, cun prazo de presentación de ofertas de vinte días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante; rematando o día 26 de xullo de 2021.

Dado que concorre o quórum requirido para a súa constitución, segundo establece o artigo 21.7 do Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a Mesa de Contratación.

Asisten ao acto:





Concello de Meaño

- D^a. Carmen Moldes Morgade, con DNI ***326--**, en representación de Hdros de José M^a Moldes García, propietario da parcela referencia catastral 36027A013000540000MK.

- D^a. Ana M^a Garrido Méndez, con DNI ***253**, en representación de D^a Divina Pastora Méndez Padín, propietaria da parcela referencia catastral 36027A013000550000MR.

A partir das 10:30 horas, a través do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, procédese á apertura dos arquivos dixitais coas proposicións presentadas; formuládoase as seguintes:

- D^a. Carmen Moldes Morgade, con DNI ***326--**, en representación de Hdros de José M^a Moldes García, propietario da parcela referencia catastral 36027A013000540000MK., que se compromete a levar a cabo a venta da devandita parcela polo prezo total de 7.160,00€.

- D^a. Ana M^a Garrido Méndez, con DNI ***253**, en representación de D^a Divina Pastora Méndez Padín, propietaria da parcela referencia catastral 36027A013000550000MR, que se compromete a levar a cabo a venta da devandita parcela polo prezo total de 20.680,00 €.

D^a. Carmen Moldes Morgade, manifesta que actúa en nome e representación de Hdros de José M^a Moldes García, na súa condición de herdeira e en virtude do apoderamento outorgado pola súa irmá D^a Eulalia Moldes Morgade; engadindo que a oferta se mantén nos termos formulados, sen posibilidade de negociación á baixa.

D^a Ana M^a Garrido Méndez, manifesta que actúa en nome e representación de D^a D^a Divina Pastora Méndez Padín, en virtude do apoderamento outorgado ante o notario de Sanxenxo D. Luis Manuel Gómez Varela, con data 08-07-2021, número de protocolo 663 (que se achega á oferta); identificando a finca referencia catastral 36027A013000550000MR coa finca nº 3 da DIVISIÓN Y ADJUDICACIÓN DE LOS BIENES DE LA CAUSANTE PASTORA MÉNDEZ PADÍN (que se achega coa oferta), coa seguinte denominación “*FAXIN: Dena, Meaño, a labradio mensura de cuarenta y una concas y media igual a veintiuna areas setenta y cinco centiareas, linda Norte, Antonio Fernández y Manuel González, Sur, zanja, Este, presa del molino, y Oeste Río.*” da que resulta adxudicatario DIVINA MÉNDEZ PADÍN; engadindo que a oferta se mantén nos termos formulados, sen posibilidade de negociación á baixa..

Comprobada a documentación contida no arquivo dixital constátase que non se achega a seguinte documentación:

- D^a. Carmen Moldes Morgade

- 1.- Documento Nacional de Identidade das licitadoras (De Carmen Moldes Morgade e Eulalia Moldes Morgade)
- 2.- Escritura de apoderamento.
- 3.- Documento acreditativo da titularidade do terreo.

- D^a Ana M^a Garrido Méndez





Concello de Meaño

1.- Documento Nacional de Identidade da licitadora (De Divina Pastora Méndez Padín)

A vista do que antecede e do sinalado na Cláusula oitava do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá nesta adquisición directa de terreos, procede requirir ás licitadoras/representantes para que no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Documentación subsanable:

- D^a. Carmen Moldes Morgade

1.- Documento Nacional de Identidade das licitadoras (De Carmen Moldes Morgade e Eulalia Moldes Morgade)

2.- Escritura de apoderamento.

3.- Documento acreditativo da titularidade do terreo.

- D^a Ana M^a Garrido Méndez

1.- Documento Nacional de Identidade das licitadoras (De Divina Pastora Méndez Padín)

b) Documentación acreditativa de requisitos previos (ambas licitadoras):

1.- Certificacións acreditativas de atoparse ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social, expedido a nome de Divina Pastora Garrido Méndez, Carmen Moldes Morgade e Eulalia Moldes Morgade

2.- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, expedido a nome de Divina Pastora Garrido Méndez, Carmen Moldes Morgade e Eulalia Moldes Morgade.

3.- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tribuaria de Galicia, expedido a nome de Divina Pastora Garrido Méndez, Carmen Moldes Morgade e Eulalia Moldes Morgade.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dase por rematada, extendéndose a presente acta que asinan as/o asistentes en proba de conformidade, os membros da Mesa de contratación dixitalmente e os representantes dos propietarios manuscritamente, para constancia.

